

ACORDO DE PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN SANTIAGO APÓSTOL DE CIENCIAS SOCIAIS, ENTIDADE XURÍDICA TITULAR DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE TRABALLO SOCIAL DE SANTIAGO, PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DOS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO EN TRABALLO SOCIAL IMPARTIDOS NA ESCOLA UNIVERSITARIA DE TRABALLO SOCIAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde, xunto coa Consellería de Sanidade e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), formalizaron o 03.03.2026 coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais, o instrumento convencional arriba referido, a través do cal prorrogase a duración do convenio por catro anos mais, prazo que se computará dende o día 10.03.2026 e ata o 09.03.2030.

O convenio que se prorroga ten por obxecto establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes, para a adecuada planificación, desenvolvemento e avaliación dos programas de prácticas académicas externas curriculares a través dos cales os/as estudantes do Grao en Traballo Social poidan complementar a súa formación teórica con formación práctica en centros asistenciais dependentes do Servizo Galego de Saúde ou en unidades administrativas do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Sanidade.

A devandita formación práctica terá como obxectivo o coñecemento por parte do alumnado da metodoloxía e técnicas do campo da titulación correspondente a través do aproveitamento da experiencia da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde en áreas operativas relacionadas coa súa formación universitaria, promovendo o desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral dos futuros titulados e tituladas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.



Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

